

## **Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 95, do 19.12.1990.

Emendas, BOPG núm. 124, do 13.3.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 64, do 21.3.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 141, do 6.5.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 146, do 22.5.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 146, do 22.5.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 71, do 4.6.1991.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 156, do 14.6.1991.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 122, do 27.6.1991.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 234, do 30.9.1991.

## **Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo**

Pola Lei 15/2010, foi modificado o artigo 1.

Pola Lei 12/2011, foron modificados os artigos 3 e 5.

Esta lei foi derogada pola Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

O principio de autonomía financeira das comunidades autónomas vén consignado no artigo 156 da Constitución española como principio instrumental para o desenvolvemento e a execución das competencias propias destas comunidades.

Este principio é enunciado, á súa vez, no artigo primeiro da Lei orgánica 8/1980, do 22 de decembro, de financiamento das comunidades autónomas, que o adecúa á Constitución e segundo as atribucións das respectivas leis e dos respectivos estatutos.

De acordo con estes principios, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece que a Facenda da Comunidade Autónoma se constitúe, entre outros, polos rendementos dos impostos que establece a Comunidade Autónoma e un recargo sobre impostos estatais.

As necesidades que se senten na nosa Comunidade nos campos de infraestruturas, servicios sociais que fagan participar ó maior número de persoas dun adecuado benestar social e da repoboación ecolóxica e do mantemento dos nosos bosques, obrigan a estable-

cer novas fontes de ingresos que coadxuven cos existentes ó correspondente financiamento.

Por outra banda, parece conveniente modifica-la Lei 14/1985 (de xogos e apostas en Galicia) naqueles aspectos que veñen requirindo un tratamento urxente, porque dalgunha forma, directa ou indirecta, protexen ou poden encubrir fraude fiscal ou dificulta-las probas inicialmente constatadas polos servizos de inspección, e así, por un lado, modifícase a tipificación das infraccións derivadas da falta de documentos que pasa de leve a grave e, por outro lado, axilízase o procedemento de inmovilización daquelas máquinas ou aparellos nos casos en que, como consecuencia da inspección practicada e dos feitos inicialmente comprobados, poida resultar infracción de carácter grave ou moi grave, atribuíndoselle ó persoal de inspección capacidade para o precintado inmediato e a inmovilización provisional dos citados aparellos ou máquinas.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de tributación sobre o xogo.

## Capítulo I

### Imposto sobre o xogo do bingo

#### Artigo 1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a participación no xogo do bingo nos locais autorizados.

#### Artigo 2. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas que adquiren os cartóns para participar na partida do bingo.

2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte as persoas ou entidades titulares de autorizacións administrativas para explotación do xogo e, se é o caso, as sociedades de servizos que teñan ó seu cargo a xestión do mesmo.

#### Artigo 3. Base imponible.

A base imponible está constituída polo importe das cantidades satisfeitas polo suxeito pasivo contribuínte no momento da adquisición dos cartóns.

#### Artigo 4. Base liquidable.

Constitúe a base liquidable o 70% da base imponible.

#### Artigo 5. Tipo de gravame.

O tipo de gravame queda establecido no 5%.

#### Artigo 6. Devengo.

Prodúcese o devengo no momento da adquisición dos cartóns polo suxeito pasivo contribuínte.

## Capítulo II

Recargo sobre a taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias

#### Artigo 7. Concepto.

Establécese un recargo sobre a taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias. Exclúense deste recargo o xogo do bingo e o realizado mediante máquinas recreativas de tipo B ou C.

#### Artigo 8. Suxeitos pasivos.

Terán a consideración de suxeitos pasivos do recargo as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que obteñan a correspondente autorización administrativa ou, no seu defecto, organicen ou celebren os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas ou combinacións aleatorias.

Serán responsables solidarios do recargo os propietarios e empresarios dos locais onde se celebren os xogos.

#### Artigo 9. Base imponible.

Constitúe a base imponible do recargo o importe da taxa fiscal correspondente a cada un dos conceptos gravados.

### Artigo 10. Cota tributaria.

A contía do recargo determinárase mediante a aplicación dos seguintes tipos de gravame sobre a base imponible correspondente:

- a) Xogos nos casinos..... 10%
- b) Rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias ..... 20%

### Artigo 11. Devengo.

O recargo devengarase no momento da autorización, celebración ou organización dos respectivos xogos, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.

## Capítulo III

### Disposicións comúns

#### Artigo 12. Liquidación e pagamento.

Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar declaración e a liquidar e ingresa-lo seu importe nos prazos e na forma que regulamentariamente se determine.

No caso do imposto sobre o bingo poderase establece-la obriga de realizar un pagamento a conta.

#### Artigo 13. Xestión e inspección.

A competencia para a xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda.

#### Artigo 14. Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias serán cualificadas e sancionadas confor-

me ó disposto na Lei xeral tributaria e nas demais disposicións complementarias ou concordantes que regulan a potestade sancionadora da Administración pública en materia tributaria.

#### Artigo 15. Xurisdicción competente.

Contra os actos de xestión de carácter tributario poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa conforme ó disposto no artigo 20 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

#### Disposición adicional primeira

A Lei xeral tributaria e as súas normas complementarias aplicáranse con carácter subsidiario en todo o que non regule a presente lei nestas materias.

En canto ó recargo sobre a taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, creado por esta lei, seralle aplicable, tamén con carácter subsidiario, a normativa reguladora da dita taxa.

#### Disposición adicional segunda

A través da Lei de presupostos da Comunidade Autónoma poderase modifica-lo establecido nesta lei.

#### Disposición adicional terceira

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 14/1985, do 23 de outubro (de xogos e apostas en Galicia):

1.<sup>a</sup>) Artigo 28

Queda suprimida a letra b).

2.<sup>a</sup>) Artigo 29

Inclúese unha nova alínea:

«i) Non ter no local ou instalada na máquina toda a documentación esixida preceptivamente.»

Artigo 30

Suprímese a alínea:

«a) Non ter no local ou instalado na máquina o documento acreditativo da autorización, guía ou taxa.»

3.<sup>a</sup>) O artigo 32, punto 4, queda redactado do seguinte modo:

«4. Iniciado o expediente sancionador por falta grave ou moi grave, a autoridade competente para resolvelo poderá decretar, como medida provisional, o comiso de efectos, máquinas ou instrumentos de xogo relacionados coa infracción.

Cando o persoal inspector proceda a levantar acta por infraccións que poidan ter este carácter de grave ou moi grave e se estime conveniente para efectos probatorios, este realizará o precinto inmediato de tales máquinas, efectos ou instrumentos, reflectindo tal circunstancia na dita acta, así como as razóns que a motivaron.

A Administración dispón do prazo de 30 días naturais para confirmar ou modificar tal medida provisional. Transcorrido o prazo, sen efectuárille-la oportuna notificación

á empresa operadora ou ó titular do local, indistintamente, quedará enervada a devandita medida provisional, sen prexuício de que poida adoptarse posteriormente.»

Disposición adicional cuarta

En tanto non se creen os órganos da Xunta de Galicia competentes para o coñecemento das reclamacións económico-administrativas, conforme ó disposto no artigo 15 desta lei, calquera controversia que se puidese suscitar como consecuencia de actos de xestión tributaria substanciárase de acordo co establecido na Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958.

Disposición derradeira primeira

Autorízase ó Goberno para que, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, dicte as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O recargo sobre a taxa que grava o xogo nos casinos entrará en vigor o primeiro de xaneiro de 1993.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 1991

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente